

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE XULLO DE 2017

FAVORABLES.-

LIC/1676/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS QUIROGA PALACIOS 28.- Conceder a licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio sito na Avda. Quiroga Palacios nº 28.

LIC/712/2017.- ADRIAN CHORÉN LATA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar illada e cerrume de parcela en lugar de Zaramacedo nº 6.

LIC/564/2015.- MANUEL SÁNCHEZ SUÁREZ.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Fonte do Ouro nº 12.

LIC/1623/2016.- MIGUEL ANGEL PENA VALIÑAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Aradas – A Peregrina.

LIC/269/2016.- MARIA DEL PILAR VALLO BOADO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación e reestruturación do edificio sito na rúa Cruz de San Pedro nº 10.

LIC/831/2016.- IGNACIO SALVADOR DUASO MORA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para ampliación e reestruturación de edificación tradicional existente na rúa da Mira nº 69 A.

LICENZAS DE OBRA.-

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO DE APROBACIÓN DO MODELO DE ACTA DE COMPROBACIÓN.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio sito na Avda. Quiroga Palacios, nº 28. LIC/1676/2016. Apróbase a proposta

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar illada e cerrume de parcela en lugar de Zaramacedo, nº 6. LIC/712/2017. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Fonte do Ouro, nº 12. LIC/564/2015. Apróbase a proposta

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Aradas-A Peregrina. LIC/1623/2016. Apróbase a proposta

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación e reestruturación do edificio sito na rúa Cruz de San Pedro, nº 10. LIC/269/2016. Apróbase a proposta

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e

Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para ampliación e reestruturación de edificación tradicional existente na rúa da Mira, nº 69 A. LIC/831/2016 Apróbase a proposta

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do modelo de acta de comprobación por mor das visitas de inspección para o exercicio de actividades económicas. Apróbase a proposta

9 a 59.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbanse as propostas

60.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, 2017. Acórdase a solicitude dunha subvención segundo os programas de conciliación, prevención da violencia de xénero e apoio aos CIM. A contía solicitada é de 57.000 euros.

61.- Proposta da alcaldía relativa dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Fundación Galicia Obra Social para a cesión do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche. Dase conta.

62.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio de Avogados para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 15.000 euros.

63.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a fundación USC Deportiva, para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros

64.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación e Cidadanía da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharuí para o programa "Vacacións en Paz 2017". Dase conta do convenio, que supón unha achega municipal de 5.340 euros.

65.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación e Cidadanía da concesión ao concello da subvención para o mantemento de conservatorios, escolas de música e de danza municipais 2017, pola Deputación Provincial de A Coruña. Dase conta da concesión dunha subvención de 10.000 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución das fianzas depositadas en relación a varios contratos de obras. Apróbase a proposta.

2.-Dar conta da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais en relación ao recurso interposto por Arasti Barca contra a licitación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago. Dase conta da resolución, pola que se desestima o recurso presentado pola empresa e se levanta a suspensión do procedemento.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio de 2017. Apróbase a base da convocatoria de subvencións, á que se destina un total de 100.000 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato Servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago. Adxudícase o contrato á empresa Unitronics Comunicación, por un importe de 61.954,17 euros/ano, máis IVE de 13.010,38 euros.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato Servizo de comunicación e xestión de incidencias

para o Concello de Santiago. Adxudícase o contrato a favor da empresa Green Tal SA, por un importe de 4.396 euros, máis IVE de 923,16 euros.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á adxudicación do contrato do Servizo de actualización da cartografía BTUG municipal 2017 a escala 1:500 no ámbito da cidade, e a escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago e xeración de ortofotografía dixital de resolución 10 cm. Adxudícase o contrato a favor da empresa Trabajos Catastrales SAU por un importe de 79.300 euros, máis IVE de 16.653 euros.

7.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de Axuda no fogar de Santiago. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, por un importe máximo autorizado de 3.959.312,5 euros, IVE incluído.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á resolución do contrato suscrito coa empresa Emergis Construcción SL para a execución das obras de repavimentación da Avenida de Vilagarcía. Apróbase a resolución do contrato e procédese a indemnizar ao contratista cunha cantidade de 6.609,43 euros.

9.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do expediente do suplemento de crédito nº2017-SUPLE-02 de importe 5.498.361,23 euros, e expediente de crédito extraordinario nº2017-CREXT-03 de importe 2.046.350,89 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2016. Apróbase a proposta.